



MANIFESTO DÍA MUNDIAL DO COMERCIO XUSTO

10 maio 2025

“O Comercio Xusto séntalle ben a todo o mundo”

Hoxe, como cada segundo sábado de maio, unímonos aos máis de 50 países que celebran o Día Mundial do Comercio Xusto.

No noso Día Mundial, queremos poñer de manifesto as inxustizas e desafíos globais que nos preocupan: a día de hoxe, máis de 700 millóns de persoas viven na extrema pobreza. De feito, o número de persoas que pasan fame é superior ao de hai 15 anos.

Tamén nos preocupa a emerxencia climática. Os seus efectos son cada vez máis devastadores e máis frecuentes.

Estas problemáticas globais teñen varias causas, pero sen dúbida, o modelo de produción e consumo actual é un dos principais. Por exemplo, a industria téxtil é unha das máis contaminantes, produce o 10% das emisións totais de CO2. Ademais, o salario de quen traballa aí, na súa maioría mulleres e de países asiáticos como Bangladesh, está moi lonxe de ser un salario digno.

Ante todo iso, empresas, gobernos e institucións internacionais teñen un papel decisivo. Por iso preocúpannos os retrocesos en aspectos legais e propostas políticas como os que estamos a ver na Unión Europea. Preocúpanos a falta de compromiso ante a emerxencia climática e as decisións que antepoñen o lucro económico e as esixencias das empresas por diante dos dereitos humanos e a protección do planeta.

Pero os consumidores e consumidoras tamén temos un papel importante. Coas nosas decisións sobre os produtos que utilizamos no noso día a día podemos contribuír a avanzar cara a un mundo máis respectuoso, equitativo e sostible. O Comercio Xusto respecta os dereitos humanos e laborais e protexe o medio ambiente. Por iso dicimos que o Comercio Xusto séntalle ben a todo o mundo.

E por todo iso, hoxe lembramos que hai un produto de Comercio Xusto para cada momento do día.

Úneche! FELIZ DÍA MUNDIAL DO COMERCIO XUSTO!

A campaña do Día Mundial do Comercio Xusto 2025 conta con financiamento de:

